

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN – MEDIANTE 7 LOTES - DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA” COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA). O LOTE 1 QUEDA RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO AGÁS AUSENCIA DE LICITADORES QUE NON REÚNAN ESTA CONDICIÓN. EXPDTE REF: 52-2017.

Acta de lectura de informe técnico e apertura das ofertas económicas.-----

Sendo as 13:15 horas do día 2 de marzo de 2018, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello de Lugo, don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Asesor Xurídico do Concello de Lugo
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor municipal.
- doña Paula Gamazo Medina, Técnica de emprego

e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello de Lugo.

Abre a sesión o sr. Presidente da mesa e procédese a dar lectura do informe técnico elaborado pola Axencia de Desenvolvemento Local sobre a valoración dos criterios de adxudicación non availabilitys automáticamente acordo cos criterios incluídos no prego de claúsulas administrativas particulares, o cal se transcribe literalmente:

“INFORME TÉCNICO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL (ESPAZO LAB) EN CANTO A VALORIZACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVAILABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (SOBRE B - PROPOSTA TÉCNICA) – PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN –MEDIANTE 7 LOTES- DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E DA EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL , NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA”, COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO DE PROXECTO 17241EMPREGALIA). O LOTE 1 QUEDA RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO EXCEPTO AUSENCIA DE LICITADORES QUE NON REÚNAN ESTA CONDICIÓN.

Vista a providencia da mesa de contratación de data 20 de febreiro de 2018, na que se solicita a emisión dun informe técnico de Desenvolvemento Local, en relación coa valoración dos criterios de adxudicación availables mediante xuízo de valor (grafo de detalle do programa formativo, contidos formativos de cada módulo e desagregación das unidades formativas...) de acordo cos criterios incluídos no prego de cláusulas administrativas particulares do procedimento de referencia.

Examinadas as propostas presentadas polas diferentes empresas para a contratación da devandita implementación de itinerarios , e baremadas de acordo cos criterios do prego de claúsulas

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refº: acta lect inf tec e apert economic

Asunto:

administrativas particulares (criterios availables mediante xuicio de valor : **ata un máximo de dez puntos**), se propón a seguinte valoración para cada unha das propostas dos diferentes lotes:

**LOTE 1.- ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDIÑERÍA
(Reservado a Centros Especiales de Emplego)**

Empresa con proposta presentada para este LOTE 1:

- COMBINA SOCIAL S.L.

Faise a seguinte valoración da proposta :

COMBINA SOCIAL S.L. - O programa formativo se presenta desagregado de forma completa, en módulos coas correspondentes unidades didácticas , ademáis dos obxectivos do devandito programa e a súa carga horaria lectiva, conforme o certificado de profesionalidade. A proposta metodolóxica é detallada así como a avaliación e instrumentos de medida. Descripción detallada das instalacións axeitadas para a impartición do certificado de profesionalidade, así como dos recursos materiais a empregar.

Non se fai mención ao sistema de orientación e intermediación laboral, nin aos recursos personais adscritos e a coordinación co Concello de Lugo.

Puntuación: 5.

LOTE 3.- OPERACIÓN BÁSICAS DE COCINA:

Empresa con proposta presentada para este LOTE 3:

- G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.

Faise a seguinte valoración da proposta:

G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L. .: Faise unha descripción detallada dos módulos formativos coas súas correspondentes unidades, especificando a carga horaria, e asimesmo contempla os obxectivos de cada módulo coa súa correspondente metodoloxía, axustada ao certificado de profesionalidade. Establecese un sistema de xestión da formación con ferramentas e fichas de avaliación da formación e materiais didácticos a entregar ao alumnado.

Non se fai mención ao sistema de orientación e intermediación laboral, nin aos recursos personais adscritos e a coordinación co Concello de Lugo.

Puntuación: 5.

LOTE 4.- DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TIEMPO LIBRE EDUCATIVO INFANTIL E XUVENIL.

Empresa con proposta presentada para este LOTE 4:

- CRUZ ROJA ESPAÑOLA DE LUGO

Faise a seguinte valoración da proposta:

CRUZ ROJA ESPAÑOLA DE LUGO: O programa formativo divídese en diferentes módulos asociados a súa vez a diferentes unidades de competencia establecendo uns obxectivos específicos. Consta dunha programación metodolóxica estructurada nunha metodoloxía para a teoría e outra para a práctica. Aportase unha planificación didáctica na que cabe destacar os obxectivos a acadar polo alumno, temporalización, recursos didácticos, avaliación da aprendizaxe. Contempla unha serie de actividades teórico-prácticas dentro dos módulos formativos e a planificación e a programación

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refº: lugo empregalia 18

Asunto: acta económica

didáctica do correspondente certificado de profesionalidad é extenso e detallado. Planificación detallada do sistema de orientación e intermediación laboral así como da coordinación co Concello de Lugo. Establecido sistema de calidade na xestión da formación e no plan de emprego.

Puntuación: 10.

LOTE 5.-: APPLICACIÓN E MANEXO DE SISTEMAS AÉREOS NON TRIPULADOS (DRONS).

Empresa con proposta presentada para este LOTE 5:

- ACTIVIDADES AERONÁUTICAS LUCENSES S.L.

Faise a seguinte valoración da proposta:

ACTIVIDADES AERONÁUTICAS LUCENSES S.L.: Se presenta un programa formativo completo, recolle as unidades formativas de cada módulo, ademáis dunha planificación didáctica e acorde ao programa a desenvolver, así como a correspondente carga horaria e cronograma. Faise mención a metodoloxía e a avaliación dunha forma correcta, se establece o calendario e unha ampla descripción das instalacións aeronáuticas, así como de medios e persoal adscrito para a orientación e para a docencia do itinerario.

Puntuación: 7.

LOTE 7.-: SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS.

Empresa con proposta presentada para este LOTE 7:

- CRUZ ROJA ESPAÑOLA DE LUGO

Faise a seguinte valoración da proposta:

CRUZ ROJA ESPAÑOLA DE LUGO .- O programa formativo divídese en diferentes módulos asociados a súa vez a diferentes unidades de competencia establecendo uns obxectivos específicos. Consta dunha programación metodolóxica estruturada nunha metodoloxía para a teoría e outra para a práctica. Aportase unha planificación didáctica na que cabe destacar os obxectivos a acadar polo alumno, temporalización, recursos didácticos, avaliación da aprendizaxe. Contempla unha serie de actividades teórico-prácticas dentro dos módulos formativos e a planificación e a programación didáctica do correspondente certificado de profesionalidad é extenso e detallado. Planificación detallada do sistema de orientación e intermediación laboral así como da coordinación co Concello de Lugo. Establecido sistema de calidade na xestión da formación e no plan de emprego.

Puntuación: 10.

É canto procede informar".

Así pois facemos un cadro resumo das puntuacións acadadas para a oferta técnica.

	LOTE 1	LOTE 3	LOTE 4	LOTE 5	LOTE 7
Activid Aeronaúti casas, s.l.				7	
G12 Grupo Empresarial de Servicios, s.l.		5			
Cruz Roja Española, s.l.			10		10
Combina Social	5				

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refº: acta lect inf tec e apert economic

Asunto:

A continuación procédese por parte do Sr. Presidente da mesa á apertura dos sobres C (oferta económica) correspondentes á documentación relativa aos criterios availables automáticamente presentada polas seguintes empresas admitidas á licitación, quedando do seguinte xeito:

- **ACTIVIDADES AERONAÚTICAS LUCENSES,S.L.**- presenta oferta para:

- **Lote 5 (Aplicación e manexo de sistemas aéreos non tripulados (drones) (2 edicións).**- propón como prezo de contrato 17.449,59 euros, más o IVE (21%) 3.674,91 € facendo un total de **21.124,50 € cada edición**.

Oferta ademais **5 convenios ou compromisos a maiores** dos 2 mínimos esixibles para a realización de prácticas dos alumnos.

Oferta **9 profesionais a maiores** do mínimo de 1 para cada acción formativa, **para a implementación de itinerario.**

- **G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.**- presentou oferta para:

Lote 3 (Operacións básicas de cociña) (1 edición).- propón como prezo de contrato 22.238 euros más o IVE (21%) 4.669,98 € facendo un total de **26.907,98 €**

Oferta ademais **3 convenios ou compromisos a maiores** dos 2 mínimos esixibles para a realización de prácticas dos alumnos.

Oferta **1 profesionais a maiores** do mínimo de 1 para cada acción formativa, **para a implementación de itinerario.**

- **CRUZ ROJA ESPAÑOLA.**- presentou ofertas para os lotes:

Lote 4 (Dinamización de actividades de tempo libre educativo, infantil e xuvenil) (1 edición).- propón como prezo de contrato 17.963 euros más o IVE (21%) 0 € facendo un total de **17.963 €.**

Oferta ademais **2 convenios ou compromisos a maiores** dos 2 mínimos esixibles para a realización de prácticas dos alumnos.

Oferta **2 profesionais a maiores** do mínimo de 1 para cada acción formativa, **para a implementación de itinerario.**

Lote 7 (Socorrismo en espazos acuáticos naturais) (1 edición).- propón como prezo de contrato 24.920 euros más o IVE (21%) 0 € facendo un total de **24.920 €.**

Oferta ademais **2 convenios ou compromisos a maiores** dos 2 mínimos esixibles para a realización de prácticas dos alumnos.

Oferta **2 profesionais a maiores** do mínimo de 1 para cada acción formativa, **para a implementación de itinerario.**

- **COMBINA SOCIAL, S.L.**- presentou ofertas para o lote:

Lote 1 (Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería). (2 Edicións). Propón como prezo de contrato 20.905 euros más o IVE (21%) 4.390,05 € facendo un total de **25.295,05 €,** cada edición

Oferta ademais **2 convenios ou compromisos a maiores** dos 2 mínimos esixibles para a realización de prácticas dos alumnos, **para cada Edición**

Oferta **2 profesionais a maiores** do mínimo de 1 para cada acción formativa, **para a implementación de itinerario, para cada Edición.**

Á vista das ofertas presentadas, o cadro de puntuación económica sería o seguinte:

	LOTE 1	LOTE 3	LOTE 4	LOTE 5	LOTE 7
Activid Aeronaúticas Lucenses, s.l.				90,00	
G12 Grupo Empresarial de Servicios, s.l.		90,00			
Cruz Roja Española, s.l.			90,00		90,00
Combina Social	90,00				

Así pois tendo en conta a puntuación técnica maila económica as empresas acadarían as seguintes puntuacións:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta lect inf tec e apert economic

Asunto:

LOTE 1

	Oferta técnica	Oferta económica	TOTAL
COMBINA SOCIAL	5,00	90,00	95,00

LOTE 3

	Oferta técnica	Oferta económica	TOTAL
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	5,00	90,00	95,00

LOTE 4

	Oferta técnica	Oferta económica	TOTAL
CRUZ ROJA ESPAÑOLA	10,00	90,00	100,00

LOTE 5

	Oferta técnica	Oferta económica	TOTAL
ACTIVIDADES AERONAÚTICAS LUCENSES, S.L.	7,00	90,00	97,00

LOTE 7

	Oferta técnica	Oferta económica	TOTAL
CRUZ ROJA ESPAÑOLA	10,00	90,00	100,00

Os integrantes da mesa acordan adxudicar según as tablas de puntuacións os lotes 1, 3, 4, 5 e 7 ás seguintes empresas:

LOTE 1.- á empresa **COMBINA SOCIAL, S.L.**

LOTE 3.- á empresa **G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.**

LOTE 4.- á empresa **CRUZ ROJA ESPAÑOLA**

LOTE 5.- á empresa **ACTIVIDADES AERONAÚTICAS LUCENSES, S.L.**

LOTE 7.- á empresa **CRUZ ROJA ESPAÑOLA**

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA

Asdo: Ana Tabarés Martínez